



Esperanza L.
Mariño Davila

Íos de transparencia acesa

Narrativa, poesía e tradución
en Xosé Manuel Beiras

EDICIÓN
laiovento
LAIOVENTO

ENSAIO

Esperanza L. Mariño Davila



Filóloga e catedrática compostelá, como crítica literaria realizou as edicións de *Da emigración. Notas d'un galego* (1993) de A. Paz Míguez e d' *A vida sempre e sobretudo* (2001) de Crisanto Veiguela. Como ensaísta, publicou '*Diccionario*' *María Mariño* (2007), '*Diccionario*' *Uxío Novoneyra* (2010), *A mensaxe entre as sombras. Obra poética de Isaac Díaz Pardo* (2021) e *As escumas da letra. Biobibliografía de Luísa Villalta* (2024). Na faceta de tradutora, de Xuan Bello verteu *Historia universal de Paniceiros* (2008) e *Os nomes da terra* (2010), e de Esther Prieto *Avó Ismail* (2011). Como poeta, publicou *A pousa da libélula* (2024). Colaborou nas revistas *Dorna*, *Festa da Palabra Silenciada*, *Grial*, *Revista de Linguas y literaturas catalana, gallega y vasca* (UNED), *Barbantia*, *Lletres Asturianas* etc. Nos anos 90 representou Galiza na Fédération Européenne des Maisons de Pays. Impartiu conferencias en Galiza e Europa e gañou diversos premios literarios.

1.O inicio no mundo das letras

Da estima pola educación para unha formación integral do ser humano naceu en plena posguerra, no ano 1944, a coñecida como Preceptoría San José; primeiro, nun local do Patio das Madres e, despois, nun pequeno baixo comercial da Rúa Nova, fronte ao Teatro Principal, en Santiago de Compostela. Dedicada nun principio só ao Ensino Primario, estaba dirixida por don Xesús Pereira Vilariño (1908-1986); resulta significativo que esta escola nacera debido á preocupación dun grupo de proxenitores dun pequeno conxunto do alumnado, pertencentes á clase media e alta -comerciantes, médicos, catedráticos-, entusiastas da cultura e moi involucrados na educación das súas crianzas. En efecto, a Preceptoría baseábase na pedagogía do filósofo e ensaísta Francisco Giner de los Ríos (1839-1915), o creador e director da *Institución Libre de Enseñanza*, de xorne republicano.

Non cabe dúbida de que a figura do mestre republicano de Vedra (A Coruña), represaliado na ditadura franquista coa suspensión de emprego e o desterro¹, foi escolleito polos pais e nais debido ao seu eficiente método pedagóxico, capacidade e dedicación; neste labor do maxisterio estivo complementado pola súa dona, María Carballo Casado, que impartía aulas aos máis pequenos². Da importancia deste mestre na súa vida, tanto no referido á impartición dos coñecementos como da transmisión dos valores éticos, así como da irreparable perda que constituíu o seu pasamento, velaquí as propias verbas de Xosé Manuel Beiras:

1 Xesús Pereira foi finalmente repostado na súa praza de funcionario; outro dato biográfico salientable é o de ter sido o pai da pintora compostelá Aurichu Pereira (1940-2023), segunda muller de X. M. Beiras.

2 Ambos os dous atenderon a escola nos primeiros tempos até que a incorporación do profesor Manuel Peleteiro permitiu ampliar a oferta coa inclusión do Ensino Secundario: dita fusión orixinou a Academia Minerva, recoñecida como Colexio Minerva en 1951, que no curso 1967-1968 adquiriu xa a denominación de Colexio Manuel Peleteiro.

Un deses dramas foi a perda do meu primeiro mestre -o primeiro e máis tamén único no senso rigoroso e necesariamente socrático da verba. A perda dese home auténticamente exemplar e verdadeiramente maxistral, a quen quero render homenaxe público dende esta tribuna agora que o seu pudor xa non pode coartarme, fíxome repensar o difícil que tería resultado que eu chegase a asumir os plantexamentos éticos e políticos de fondo que hoxe defendo se il non tivese feito irrupción, como mestre, na miña nenez. (Beiras 2020¹: 380)

A anovadora pedagogía baseábase no fomento da creatividade, lonxe do ríxido academicismo e da simple aprendizaxe memorística, moi útil para o desenvolvemento persoal, polo tanto transmitíase o amor pola natureza mediante aulas teóricas complementadas coas numerosas excursións a lugares emblemáticos, polo deporte –mediante a práctica semanal do fútbol os xoves pola tarde, nun descampado do Castiñeiriño- e por todas as manifestacións culturais a través da énfase na lectura, nas múltiples redaccións e nos debuxos; ademais, creáronse xornadas de confraternización entre alumnado, profesorado e proxenitores. Mesmo se ensinaba unha introdución á literatura galega, tanto de autores clásicos coma doutros máis recentes. Alí estudaron varios membros da que posteriormente -na década de 1950-1960-, o xornalista Borobó denominou como “Xeración de *La Noche*”. Este grande interese pola educación tamén o destaca o intelectual Xosé Luís Franco Grande (1936-2020) na homenaxe aos seus amigos que contén o libro *A ilusión da esperanza*:

Pero a verdade é que, por aqueles anos, e aínda hoxe, era a nosa clase media a que máis se preocupaba da formación dos seus fillos, ben porque saben que é o mellor patrimonio que lles poden deixar, ben porque non lles poden transmitir outro, ou polo que sexa. E os pais de Xosé Manuel, como os de case todos nós, fixeron esforzos incríveis pola nosa formación. E nela



Fotografía da primitiva Academia Minerva, co mestre Xesús Pereira e o seu alumnado. Á esquerda, cabo daquel, un novísimo Xosé Manuel Beiras.

centráronse os seus pais, conscientes das súas facultades pouco comúns. (Franco Grande 2019: 220)

Desde os primeiros tempos até o de agora, a pesar de non se ter considerado como fundamental a pertenza ao ámbito das letras pola multifacecia artística e en especial polo destaque noutros ámbitos como a economía e a política, na realidade Xosé Manuel Beiras manifestou unha precoz vocación literaria, segundo testemuñan varios exemplares da decana e lonxeva *Vamos* (1948-1958). Pioneira experiencia dunha revista escolar tras a Guerra Civil en Galiza, na “Autopresentación” do primeiro número produciuse un recoñecemento explícito da estreiteza, tanto moral como económica, da posguerra, así como a dureza do feito de escribir na “precaria luz de linterna en esta época de restriccións”, non en van a década dos corenta constituíu o período máis duro do franquismo.

De longa vida, aínda que de tiraxe irregular, o primeiro número saíu en decembro de 1948, porén, houbo que agardar polo seguinte máis dun cuatrienio, até xaneiro de 1953. Despois, desde novembro dese último ano produciuse unha nova pausa dun bienio exacto, e de novembro de 1955 até marzo de 1957 volveuse producir un estancamento; finalmente, o derradeiro número correspondeu a maio de 1958. En toda a década publicáronse un total de corenta números; curiosamente, a numeración non se corresponde cos exemplares editados (talvez se elaborasen outros nas aulas que non chegaron a imprimirse). Con certeza, tanto o voluntarismo como as razóns económicas estivesen detrás desta periodicidade esporádica, como recoñeceu o propio Beiras:

tendo en conta que a revista se baseaba en voluntarismos era difícil manter un ritmo uniforme de traballo. (Alonso Girgado 2009: s. p.)

Aínda que na teoría era bilingüe, o emprego do galego na revista foi ocasional en consonancia coa realidade escolar, e

cinguíndose unicamente á xeira literaria consonte unha época hostil pois, aínda que a lingua máis escoitada na Compostela da posguerra era o galego, na escola quedaba fóra do currículo. Na Preceptoría estudábase unha introdución á literatura galega, líanse os clásicos, ou sexa, a extraordinaria tríade do Rexurdimiento -Rosalía de Castro, Manuel Curros e Eduardo Pondal- e mesmo algunha obra máis recente, coma *O porco de pé* (1928) de Vicente Risco. A pesar da persecución legal do idioma, no terceiro número da revista -do ano 1953-, Ramón Otero Pedrajo realizaba un esperanzado chamamento aos estudantes noviños, nun intento de lembrar e unir o galeguismo do exilio co do interior, para reforzar este. Velaí un fragmento dun dos máis significativos artigos da revista, “O Saúdo do Mestre”:

Tendes de axudar ó ceibamento do espírito da Galicia, facendo de voso vivir ergueita e cotián Poesía, chegada a hora por os bardos anunciada... Máis aló do Océano, moi perto do noso corazón, alentan as grandes familias galegas das Américas. As cobas de Rosalía e de Castelao cada luar correspóndense e agardan. O mesmo espírito vaga no coto de Bonaval e no recanto da Chacarita, alí, onde as moréas de terra galega, sagra cinza da lareira do fogar noso, garda o quentor da esperanza. [...] Por iso chego cabo de vos con emoción, respeito e esperanza. [...] Deixade falar en vos o acento da raza e da terra e teredes forzas adoulescentes de abondo pra que a vosa xeneración poda deixar á que veña a pós de vos, ou o exemplo de un outivo silencio non trubado por angueiras e vaidades noxentas, ou o exemplo da paixón poética e galega comprida en latexantes formas por os rapaces hoxe nados á vida cas derradeiras neves namoradas de poentes e as primeiras frols do ermo da primaveira. (Alonso Girgado 2009: s. p.)

Non deixa de resultar sorprendente a aparición do proxecto concibido daquela como revista escolar pois partira dun único profesor, Xesús Pereira³, a decisión de editar algo que reflec-

3 O nome do director nunca figurou por escrito. Noutra etapa posterior da revista ostentou a dirección dela o profesor Benito Varela Jácome. Convertida desde

tise as inquietudes do estudantado, convertido nunha revista singular porque o alumnado participaba con entusiasmo na súa elaboración, posto que era o protagonista. Ademais, eran os meniños -menores de once anos, en xeral- os encargados de a venderen con éxito á cidadanía polas rúas compostelás. O contido de *Vamos* tiña un duplo obxectivo: a recompilación das actividades extraescolares levadas a cabo para a súa difusión exterior xa que debía sobordar o ámbito escolar, así como o fomento da creación literaria mediante a selección dos mellores textos escritos nas aulas. O ambicioso programa mesmo tiña unha prolongación radiofónica durante a media hora mensual da *Emisión Escolar Infantil* en Radio Galicia, onde o alumnado falaba de contidos prefixados polo mestre. Nunha entrevista efectuada a comezos deste século, Xosé Manuel Beiras recoñecía a importancia da revista tanto na súa vida como no ambiente estudantil:

En definitiva, foi unha aventura en tres dimensións, na que os textos que formaban parte do contido do periódico procedían das prácticas de redacción que tiñan lugar nas clases do propio Pereira. Era el quen facía unha escolma de tódalas redaccións e elixía cales debían ser publicadas. Este traballo non era remunerado, agás a impresión dos números, que obrigaba a un desembolso económico [...].

Pois, francamente, tiña os dous compoñentes, aínda que foi un destacado soporte para a creación literaria. Cumpriu tamén esa segunda función informativa, pero víase máis coma a proxección exterior do método pedagóxico; por exemplo, das saídas que faciamos nas clases de Bioloxía ou Xeografía, facíase unha redacción para relatar como tiñan lugar esas clases e as conclusións das observacións. Naqueles anos, facíanse xornadas de confraternización entre pais, mestres e alumnos. Organizábanse

o segundo número en Órgano do Colexio Minerva, e xa do posterior Colexio Manuel Peleteiro, a revista escolar mantivo plena vixencia até a actualidade, desenvolvendo unha periodicidade trimestral e tendo superado xa, con moito, os douscentos números.

excursións (ó Pazo de Oca ou a Lestrove, por exemplo), nas que os pais colaboraban aportando a comida, os mestres preparaban xogos... Desas xornadas tamén se falaba na *Vamos*. [...] Grazas á miña bagaxe na revista, dende os 16 anos paso a colaborar noutro emblemático medio da capital galega, que era *La Noche*. (Alonso Girgado 2009: s. p.)

Pódese deducir doadamente que a importancia da senlleira revista, inusitada naquela época de pobreza material e moral, foi inmensa e tanto para o alumnado como para a veciñanza compostelá que a mercaba e lía. Nomes imprescindibles na sociedade co pasar do tempo encargáronse da redacción dos textos e artigos; entre o alumnado destacan os de Xosé Manuel Beiras (1936) ou o do xurista teense Gonzalo Rodríguez Mourullo (1935), logo escritor -encadrado no movemento da Nova Narrativa Galega-. En canto aos brillantes nomes de escritores que achegaron algúns poemas ou textos e que logo quedaron consagrados no canon da literatura galega, destacan os de Álvaro Cunqueiro, Pura Vázquez, Manuel María ou Uxío Novoneyra. Non faltaron tampouco sinaturas dalgúns galeguistas históricos, como foron as de Domingo García-Sabell, Francisco Fernández del Riego, Manuel Beiras García, Ramón Otero Pedrayo ou Ramón Piñeiro.

Entre os escolleitos para se encargaren da inédita experiencia editorial de *Vamos* desempeñou un papel primordial un meniño de doce anos, logo un adolescente: Xosé Manuel Beiras⁴, un dos máis activos colaboradores e o redactor responsable da Sección Artística, pois da Sección Literaria encargábase Gon-

4 Que se trataba dun alumno dilecto da Academia Minerva dá conta a propia publicación, onde curiosamente se destacaba a súa tripla vocación artística:

“Alumno de Primer Curso en la Facultad de Derecho, ha estudiado entre nosotros todo el Bachillerato, habiendo obtenido notas supremas en todos los cursos. En él puede simbolizarse al muchacho de formación integral, apto para el disfrute y la práctica de diversas manifestaciones del arte.

En las páginas de este periódico hay indicios de sus actividades literarias, musicales y pictóricas.” (*Vamos* 2, 1953)

zalo Rodríguez Mourullo. A este precisamente pertence o único texto en galego do primeiro número, o do Nadal de 1948; trátase dunha panxoliña incorporada ao relato *La Nochebuena en la aldea*. A función da revista era dupla pois, alén da creación literaria, propugnaba espallar entre a sociedade o método pedagóxico da escola; en suma, o carismático colexio resultou fulcral para unha xeración de composteláns; en palabras de Beiras:

Pero si foi o reflexo dun proxecto educativo excepcional, en clave galega, como era a adaptación dos ideais pedagóxicos da Institución Libre de Enseñanza. (Alonso Girgado 2009: s. p.)

En *Vamos* vanse publicar os primeiros cinco textos en prosa e un poema, xunto cunha viñeta humorística, da autoría de X. M. Beiras⁵. Fora o gran poeta Fermín Bouza Brey (1901-1973), quen lle solicitara a escrita daquel primeiro poema, do que gustou, aconsellándoo para que continuase nesta liña, pero o estudante pronto abandonou a literatura de ficción en detrimento dos estudos de Dereito e logo de Economía. Como testemuños do home de letras permaneceron unicamente os eidos do ensaio e da tradución; con todo, a continuación vaise rescatar media ducia de descoñecidos, precoces e asemade verdadeiramente interesantes textos literarios adolescentes.

5 En todos os casos, a el corresponde só o texto, nunca o debuxo.

ÍNDICE

1.O inicio no mundo das letras.....	11
2. Narrativa nos anos corenta	19
<i>Excursión frustrada</i> (1948)	19
3. Poesía nos anos cincuenta.....	23
<i>Cavilando...</i> (1952)	23
4. Narrativa nos anos cincuenta.....	34
<i>Mi música</i> (1952).....	34
<i>Pepiño (Conto)</i> (1953).....	37
<i>Porvenir, Futuro... ¿Incertidumbre?</i> (1953)	44
<i>Historia de una noche (Cuento)</i> (1953)	48
5. París e a pegada francesa	56
5.1. O bienio 1957-1959.....	56
5.2. O regreso (1966-1967)	66
5.3. Terceira estadia	68
5.4. Cuarta estadia	70
6. A afección polo teatro.....	72
7. Historia da tradución en Galiza. Tradición e modernidade.....	76
7.1. Século XIX	76
7.2. Século XX	78
7.3. Século XXI	88
8. A xeira tradutora de Xosé Manuel Beiras.....	92
9. Traducións desde o inglés, francés e catalán	99
9.1. As cancións.....	99
10. Traducións desde o francés	109
10.1. Jean Anouilh.....	109
<i>Antígona</i> (1967)	110

10. 2. Catro traducións de Albert Camus	120
<i>Catro cartas a un amigo alemán</i> (1967, 2018)	124
<i>Os xustos</i> (1985)	134
<i>Calígula</i> (1992)	146
<i>A desfeita</i> (2019)	154
10. 3. Jean Giraudoux	168
<i>Non haberá guerra de Troia</i> (1969)	169
10. 4. Anne Philipe	177
<i>O tempo dun salaio</i> (1988)	178
10. 5. Jean-Paul Sartre	183
<i>As moscas</i> (2008)	185
10. 6. Benjamin Constant	193
<i>Adolphe</i> (2020)	196
10. 7. Edgar Morin	205
<i>Espertemos!</i> (2022)	207
11. Tradución ao español	212
11.1. Xosé Manuel Beiras	212
<i>Exhortación a la desobediencia</i> (2015)	217
12. Epílogo	224
Bibliografía	229